



A TÚA CIDADE

BREVE VISIÓN HISTÓRICA DE NARONTERRA SEGUNDO DIVERSOS TRABALLOS DO HISTORIADOR NARONÉS ANDRÉS PENA GRAÑA.

9º A REVOLTA IRMANDIÑA

Dirixida posiblemente polo fillo de Pedro Fernández de Ferrol, Roi Paas (de Mandiá e Parga) acumado seguramente Roi da Xorda ou Roi Xordo. Tras o frustrado intento de captura de Nuño Freire en Ferrol, o rei Juan II, indutor tácito do alzamento, antes de dirixirse á fronteira granadina confiaba aínda en organizar en Betanzos un amaño pacífico entre as dúas partes, que fracasa ao non ceder os Irmandiños nas súas exixencias.

Tras algúns éxitos iniciais da "Irmandade" detida ante as murallas de Santiago onde se refuxiara Nuño Freire de Andrade, este, co apoio do Arcebispo D. Lope de Mendoza e os casteláns do corrixidor D. Gómez García de Hoyos, derrótaos e sorprende tamén en Pontedeume aos sitiadores do seu castelo que, perseguidos, na súa fuxida serían asasinados sen piedade. Con Nuño estaba Pedro Fernández de Andrade. Moitos ferroláns como recolle a protesta de Pedro Padrón serían aforcados nunha sanguenta represión.

No século XIV vería outra revolta máis e tamén outra derrota dos oprimidos na que, de novo estaban implicados os Mandiá (o notario da villa de Ferrol Ioan Fernández), e de novo apoiados inicialmente (Xuvia e Pedroso enviaron a Lugo en abril de 1468 un procurador cunha petición de confirmación e unha sobrecarta deste rei D. Enrique) e abandonados logo polo rei Enrique IV. Fracasada a revolta, ambos mosteiros, San Martiño e San Salvador perden os seus priores.

A casa de Andrade pasará a controlar os ingresos do mosteiro de Xuvia. Por unha cifra ridícula de catrocentos mrs. anuais Diego de Andrade e María das Mariñas obteñen, tras o cambio de prior en Xuvia, no 13 de xuño de 1472 o dereito de padroado, presentación e gozo directo dos beneficios de Ferrol, Serantes, Brión, Doniños, Esmelle, Mariña, Cobas, Vilar, Cerdido, Barbois, Moeche, Grandal, Perbes, Andrade, Narón, Franza, San Mateo, más as principais herdades do mosteiro: Casal de Johane dos Abruñeiros, Casal das donas (o Vilar), Casal de Insoa e Anido (Ferrol), Casal de Pedros, Casal de Cambre (Lubre), Chantelos (Mea), Casal de Caranza, etc O Mosteiro de Xuvia quedaba arruinado pasando á Casa de Andrade o groso do seu patrimonio.

A reforma dos reis católicos acabará definitivamente co protagonismo dos mosteiros de Xuvia e Pedroso. Cos desposos do pretérito xigantismo Xuvia sobrevivirá longamente, dependendo agora do Mosteiro de Vilanova de Lourenzá, e aínda vería momentos de esplendor. O Mosteiro de Pedroso arruínase ao longo do século XVI chegando a desaparecer fisicamente. Entre as protestas dos moradores do seu coto, anexionado a S. Martín de Mondoñedo e logo á propia Catedral, a pesar da oposición e preitos dos seus moradores que se consideraban lexitimamente de realengo, as xurisdicións dos cotos de Pedroso foron vendidas pola Sede Mindoniense aos mellores ofertantes: A casa dos Andrade de San Sadurniño